

Historia dunha angustia*

1

A miña terra... Eu non sei se posúo tal esa identidade topográfica. Vexamos.

Meus pais encomendáronme na Coruña, con vistas á baía. Logo emigraron a Madrid. Planearían comezar de cero unha nova vida e queríanme madrileño, porque deixaron Galiza vinte días antes de eu nacer. Non o conseguiron. Con certeza non o lembro, que era eu ben pequeniño ao nacer.

Gustárame ser un miúdo coruñés de Real, e así ao peor saía todo ao contrario de como foi. Que a distancia, a separación, agudiza as carencias e a sensibilidade tanto como a proximidade e o repouso as adormenta até atrofia-las. Medrei no Madrid dos anos cincuenta, cando os invernos me duraban 28 meses, e medrei nunha España en branco e negro: negros eran os automóviles, os traxes e a mantilla española con que a tía Sara comparecía domingo á misa... Negras as sotanas e, para chegar a nota colorista, moito caqui pola rúa. Un ceo escurísimo mexábame a choiva gorda. Os veráns, que tamén eran longos pero duraban menos que o Inverno, á Coruña.

Choutar daquel Madrid a Galiza supúñame cada ano maior contraste cultural que o que experimentei a primeira vez que pasei o charco até o Perú. Na Coruña parabamos nun piso histórico, aínda que eu non lle confería esa importancia: só de vello me decatei. Cando traspasaba a porta de *Real 56 primeiro* accionaba a máquina que sempre quixen posuír, e entraba no XIX. Entre paredes de madeira renxían as táboas do chan decimonónicas; as persoas que alí vivían, tías de miña nai, naceran naquel século. Sentaba, durmía, xogaba en mobles oitocentistas. No salón tapizado en vermello fixera as reunións clandestinas a crema liberal da cidade, dirixida pola señora da casa, Juana de Vega, viúva do xeneral Mina. Alí debeu urdirse o primeiro indicio impreso do noso Rexurdimento, o *Álbum de la Caridad*. Contaxiaríame?

2

Claro que Coruña era a felicidade. Tamén a miña liberdade. O máis radiante era a viaxe obrigada de cada mañá. En Madrid movíame no metro, aquí na lancha. Non era un reclamo turístico: levaba ao mesmo destino que o coche de liña, duraba o mesmo, custaba igual. O destino era Santa Cristina, e alí era feliz: o lugar que fantasiaba nas interminábeis, estériles noites de inverno. Alí comezaron a interesarme as mozas, alí sentía arreo o idioma que non existía en Madrid, lía os

* Resposta de Nacho Taibo á laudatio de Inma Otero Varela. Homenaxe "O Escritor na súa Terra – Letra E". Castelo de Santa Cruz, Oleiros, 16 de xuño de 2008

primeiros libros que conseguira en galego e, xa que logo, alí atopei a Manuel María e a Cunqueiro:

Estaba o príncipe sentado no escano aloumiñando unha caveira e mandoume apousentar aos seus pés con aquela voz tan mirada e señora que ten....

Ah, o galego. O galego e eu. Tan longos os invernos madridenses, na casa dos avós atopei un libro de Rosalía. Andaría polos meus 14. Pedinllo emprestado ao avó, Nicolás, que fachendeaba de coruñés, e deumo para min. Nas delongadas noites repasaba os *cantares* e as *follas* e, aínda que meus pais falaban español, aquela lingua distanciada no espazo sentíaa familiar, algo meu.

Si. Os poemas iluminábame Galiza na seca escuridade inverniza, tan festivos e estivais os *Cantares* agoiraban o que viría logo: cando xuño rematase comezarían A Coruña, a rúa Real, Santa Cristina...

Os poemas de Rosalía acabaran decontado e o corpo precisaba máis, mesmo se os ingresos de colexial daban para pouco. Na Feira do Libro de Madrid había unha caseta que só tiña libros en galego. Sostíña un señor moi cordial que falaba con todos na nosa lingua: era Ben-Cho-Shey, un membro do *grupo Nós* cando eu nin sabía o que fora aquilo. Topei así co *Merlín* de Cunqueiro, e alí ardeu Camelot: descubría un galego familiar que choutaba das páxinas directo e natural como as ondas de Santa Cristina que me rodeaban. Aí, ese era o meu Cunqueiro!, todo humor, maxia, o Merlín feito galego e mago da lingua.

3

En acabando o bacharelato quería ser enxeñeiro naval. O obxectivo obvio era Galiza,

Lembro xullo do 69, a ilusión con que corrín á librería veciña en canto Ediciós do Castro publicou *O divino sainete*, a deleitación con que me fixen con aquel *novo Curros* cando xa tiña os *Aires da miña terra* ben fagocitados...

Nos veráns seguintes xa non fomos á rúa Real, senón a unha casiña no máis alto de Perillo, O Castaño, onde tamén era feliz... se non fose que agora había que estudar no verán, non só ler. Diante do cemiterio, unha tarde batín cunha lucerna de bronce ben coñecida. Como é preceptivo, fregueina contra a camisa e abrollou o ben sabido xenio con acento árabe que, contra todo prognóstico, nin se molestou en ofrecermos os tres desexos, que se obstinou en predicir o futuro:

--Ti que les tanto en galego, anano, has de saber que no futuro haberá galego no ensino, non ensino en galego. Aquí diante erguerase un instituto de ensino *búblico*. E ti nel serás *profesor*. *Profesor* de galego.

El por que dicía *profesor*? Porque en árabe non hai *p*. Non podía concibilo. Era 1970, eu non coñecera outro mandón que Franco e ninguén albiscaba por onde

podía vir o futuro. Pois o infame xenio pretendeu convencerme de que eu non sería enxeñeiro naval. O figuras. Así que arrombei coa lámpada fóra, corrín e xurei abandonar radicalmente a bebida.

4

A xente non ten palabra. Non puiden coa carreira, plantei. En Madrid entrei a traballar nun banco, onde fun total e perfectamente infeliz. Se chega a ser unha sucursal galega de vila, en trato con persoas, talvez vivise medio satisfeito. Sensación perenne era a inutilidade total, persoal, social e mesmo económica. Inútil para o propio capitalismo.

Daquela vivía eu nunha persistente angustia. Probabelmente debida á incerteza sobre a vida, o futuro, a distancia ao lugar onde quería estar, insatisfacción, que sei eu! Seguía mastigando todos os libros en galego que conseguía. Nesa época inicié algún relato. Por que se pon alguén a escribir? Supoño que a inmediata motivación descansa en que no que le non atopa exactamente a súa experiencia, o que ansía. A outra explicación máis poética,

escribimos porque non somos felices,

cando menos hoxe para min, é falsa. Eu escribo porque así son feliz.

Non lembro como nos coñecemos, mais alá tiven un grande amigo, Isaac Alonso Estravís, o mellor apoio para o meu galego tan de libro, tan teórico. Por el coñecín a Cortezón, asistín á lectura de Carvalho Calero, opositor á primeira cátedra universitaria de Lingua e Literatura Galegas, e accedín ao meu ídolo, o poeta que admiraba profundamente e que retornaba do seu período venezolano, Celso Emilio Ferreiro. Nesa altura eu compraba os seus libros todos en canto saían: non era a reencarnación do venerado Curros? Se cando o coñecín en persoa non caín de costas foi porque aquel mito ambulante nos daba a todos un trato cordial, acolledor, nunca vaidoso. Tamén gardo intensa saudade de Daniel Cortezón, que cumpriu o seu designio de exercer no teatro galego o papel serodio de Shakespeare no inglés, a recrear plasticamente a nosa historia malfadada.

Entusiasmado polo formato da deliciosa colección *O moucho* ousei contactar co editor, Don Xosé María Álvarez Blázquez, que tivo a inmensa liberalidade de aceptarme. Para a miña ledicia apareceu o meu primeiro libriño, que lembro con especial agarimo.

A Reimundo Patiño vía en todo acto cultural galego, saudabámonos na distancia até o día en que nos atopamos durante o estado de excepción do 75: de súpeto descubrimos cantísimo tiñamos en común... Traballabamos en oficinas contiguas, de xeito que, desde esa, a diario nos víamos á saída do choio antes de comer. Así nos sobresaltamos xuntos cada tarde da chamada transición. Nunha delas presentoume ao admirado Bernardino Graña.

Non só vangardista na arte, Patiño abriume moitas obras narrativas sorprendentes, autores avanzados, marxidados polos sistemas: en plural. Tiña el os

ollos moi abertos ao mundo e ao futuro, a pensar sempre na Galiza á que non vía xeito de retornar. Del quédame moito, tantas ideas, o humor, a ética, o xeito inconformista de considerar a creación, o amor crítico pero radical á nosa terra, solteira e sen compromiso.

No terceiro ano de banco madrileño, con Franco nas últimas, retornei á universidade, por aburrirme menos. Pretendía facer un só curso en Socioloxía, tendo o plan diáfano de instalarme en Galiza, en Oleiros. Embarcárame a comprar un piso en Bastiagueiro, a agardar polo traslado que nunca me darían. Coñecín daquela a Cesáreo Sánchez Iglesias. Presentei un conto ao novo concurso que convocaba o Padroado do Pedrón de Ouro. Polos días en que o ditador morría tiveron a sorte de obter o premio. Deume moitos azos: non son para iso os concursos literarios?

Precipitáronse logo as cousas... precipiteinas. Con alternativas de traballo prometidas na Coruña, instaleime en Bastiagueiro, guindando o banco ao vertedoiro da miña vida. Xa non segue alí, que o Banco Hispano Americano xa non existe...

5

En 1976 situeime en Oleiros, provisoriamente no Castaño de Perillo e despois no meu piso de Bastiagueiro. Ao pouco, a xenerosidade dun editor e bo amigo, Andrés Salgueiro, fixo que vise a luz un dos meus textos predilectos, *Homes de ningures*. Os traballos que me prometeran non se cumpriron, e entrei nunha espiral de peticións e negativas na que cheguei a amarear *sesenta* currículos simultáneos... iso é actividade literaria intensa! Obtiña algúns ingresos de artigos. Non sería a que me atormentaba en Madrid, mais seguía a acompañarme a sempiterna angustia da inseguridade.

Oleiros e a península das Mariñas... descubrín un subcontinente, pequeno, mais completo, que dá a dous mares, ten lagos, un labirinto inextricábel de estradas, pistas e corredoiras que nunca darei abrangido enteiro, certo lugar fíxoseme moderadamente alpino... Teño entendido que en día moi claro se albisca ao lonxe New York, mais eu aínda non conseguín vela: el non sería cando a terra aínda era plana? O derradeiro día de 1977 naceu miña filla, Iria. Gábome de que seguise o meu amor pola lingua, e hoxe é moi profesional tradutora.

A pouco de asentarse contactoume Xosé Manuel Martínez Oca, que me introduciu na Agrupación Cultural *O Facho*, que creaba unha páxina semanal nun xornal onde interviñan Pepe Monterroso –como poeta, Xosé Devesa– e Manoel Riveiro Loureiro. Fixemos moi bo caldo. Cos colegas de Vigo, tivemos bastante que ver na fundación da AELG. Foron os meus moi íntimos colegas de ideas, lecturas e avatares naqueles anos. Sumáronse Puri Tejelo, Manuel Miragaia, Farruco Vidal, Xavier Alcalá...

Mais as circunstancias foron espazando as miñas visitas á Coruña. Seguimos sendo moi colegas. Oca non é tratado con xustiza polo mundo editorial e, con todo, nunca deixou de escribir no seu estilo directo, tenaz, na retranca máis subtil, na

máxima fidelidade á lingua, mentres o Monterroso xa non vive en outono-inverno: non é que se hiberne como un osiño ou un dióscuro, é que para medio ano no Uruguai onde se criou.

O moi prezado Ribeiro Loureiro, que escribía moito con enorme vontade, enviuvou en xeito fulminante da súa compañeira Encarna, e aos poucos anos deixounos traxicamente. Fica na lembranza de moitos, autor narrativo e teatral de vontade férrea, firmes conviccións ético-sociais, autodidacta de mérito, bo coñecedor da lingua rusa.

Eu seguín con traballos varios. Recadei enquisas de opinión, co que deprendín bastante sobre a nosa xente, fixen de xornalista a tempo parcial, contábel, tiven posto fixo nunha librería onde coñecín moitas persoas, un pequeno mundo. Estando nela, no 80 naceu meu fillo, Iago, que veu cunha gargallada na aberta cara. E segue agora, cando é psicólogo acreditado. Logo dei algunha pasantía de galego nada memorábel, retornei aos artigos, licencieime en Socioloxía e finalmente, en situacións máxicas –así se denomina cientificamente a confabulación de coincidencias imposíbeis–, sen pensalo nin pretendelo, convertinme en profesor de instituto.

6

Aquel curso iniciéino en 1982, disociado entre un instituto coruñés e a chamada *Laboral*, equidistantes da miña casa oleirense. Ao seguinte fun a Ortigueira, que os alumnos definían como «o cu do mundo», non tal para min: atopei a satisfacción profesional definitiva cun alumnado receptivo, solidario e amigo, uns colegas cos que fixen moita piña. Corridos 35 anos gardo unha lembranza indelével daqueles alumnos e compañeiros. Con algúns, como asentaron por aquí, en Oleiros, permanece a amizade.

Ao seguinte ano fun a Betanzos. Deixei de vivir en Oleiros e asentéi no Temple de Cambre, destinado na *Universidade Laboral*. Daquel tempo data a novela *A ponliña irlandesa*, que non interesou a ningún editor até que a liberalidade de Don Isaac Díaz Pardo quixo publicala. Tras catro anos na *Laboral* puíden trasladarme a un instituto e escollín o novísimo do trinquete que se erguía en Perillo, xusto onde vinte anos antes me aparecera o xenio profético a quen eu, insensato, negaba o creto. Inaugurado na presenza do admirábel escritor que lle deu nome, Neira Vilas, abriu no 89, comigo dentro. Os alumnos non me eran distantes: xa coincidira con algúns na *Laboral*, o centro público que correspondía antes á rapazada de Oleiros.

Eu, o sempre angustiado... O futuro xa era menos incerto, mais a sombra teimaba, aínda me tiña enseñorado. Seica nacera comigo: seguíame a toda parte, sombra negra que arreo me asombraba.

7

Do instituto de Perillo gocei vinte e cinco anos, des que se abriu até que celebrou o cuarto de século, 2014, que foi cando me xubilei. Non debo dicir que fosen os mellores da miña vida laboral porque bos foron todos, os sete anteriores tamén. Todos os amigos saben que sempre e en toda ocasión defendín o comportamento excelente dos nosos nenos e nenas, cariñosos, sensíbeis, educados, bos e... non moi estudosos.

Os meus anos no *Xosé Neira Vilas* déronme moi poucos instantes de ira, rarísimos desgustos e infinitas ocasións para o sorriso e a aberta gargallada, e fosen saírmos fóra do guión estipulado. Non só os alumnos, que a cuadrilla de *profes* deixamos de ser bos colegas, solidarios compañeiros, para convertérmonos en amigos. O que mantemos, xubilados lonxe do *Xosé Neira Vilas* case todos.

Aos alumnos xamais lles comentei se eu escribía ou deixaba de facelo: o profesor e o escritor debían ocupar compartimentos estancos que xamais se comunican. Nunca escribín pensando nas súas lecturas obrigatorias, e menos nas que se lles crean en exclusiva considerando que son retrasadiños e que o obxectivo do autor é preservalos de todo sobresalto, transgresión e conflito. Os meus estudantes nunca necesitaron tales proteccións.

8

Contra 1994 miña compañeira Inés e eu marchamos a Lubre de Bergondo, a unha casa rural vella e non moi cómoda, mais moi íntima. Equidistaba do meu instituto en Perillo e do da Inés, Betanzos.

Nos vinte e cinco anos seguín a escribir, claro. Fascinoume en especial a historia do cabaleiro galego que visitou como embaixador o imperialista tártaro Tamerlán, de xeito que me embebín da poderosa Pontevedra do XV para escribir *Salvador de Occidente*: naquel momento eu tiña un artefacto, unha tecnoloxía que me consentía visualizar bastante ben o século. Xa non a teño. Se a novela se publicou foi pola axuda cordial de Xosé Antonio Perozo.

O meu máis caro amigo, Pancho Pillado Mayor, e convén subliñarmos o realismo do segundo apelido, *maior*, foi editor con Laiovento de dúas coleccións de relatos: *A flor do grelo* está aferrollados ao instituto perillán *Neira Vilas*, aínda que pouco teña que ver cos seus actores. Ese é Pancho Pillado, o que máis sabe de teatro galego en todo o mundo, férreo defensor dos conceptos máis firmemente claros de xustiza, igualdade e amor a Galiza, de seu un universo, tanto en común co meu Reimundo-mundo Patiño, no dicir de Novoneyra.

Tamén fun letrista dun grupo de rock, *Os papaqueixos*, uns rapaces inmellorábeis, cheos de conciencia e de sensibilidade social. Mágoa grande que se desficesen. Só gravaron un disco. Saio eu falando, o destemido...

9

Os tres de nunca escribina enteira cando viviamos na casa de Lubre, que tiña que aparecer con profusión no texto, porque foi alí onde tiven algún trato cos trasnos que de cando en vez paseaban pola vivenda, ocultándose con maña a se mesturaren co fondo. Se o trato foi tenue, pasou desde logo por vontade deles. Tiven a sorte de que Edicións Xerais aceptase publicar a novela, tan extensa.

A casa sería moi cuquiña, mais en verdade incómoda. En 2011 escollemos unha vivenda no Fortiñón de Sada, onde deberían coller os nosos libros todos.

Non sei cando foi nin o que fixen, mais a persistente angustia xa non estaba. Iría esvaecendo aos poucos sen me decatarme: nin a menor consciencia de como marchou.

Xubileime o día en que fixen os 65. Fun traídor aos meus alumnos e alumnas: se o día da despedida se me fixo sentimentaleiro e emotivo, ao seguinte esquecéraos de plano. Claro que sigo indo polo *Xosé Neira Vilas* cada mes, e agora xa só me quedan algúns compañeiros, que os últimos ex-alumnos me marcharon este fin de curso.

10

Pois si: logo de alardear toda a vida de boa saúde, se nunca me operaran de nada, acabei por pagalas todas xuntas. A finais do 15 pasei polo quirófano, e a recuperación foi lenta. O mellor era que, cando puiden camiñar e pasear polo hospital, décimo andar, vía a lingua inmensa da praia de Santa Cristina. Non importaba que fose decembro nin que o panorama aparecese gris: volvía ser eu, adolescente, a ler a Manuel María entre as dunas

*A Terra Cha somentes é
un pobo aquí, outro acolá...*

Podía estar preocupado, abafado se cadra, mais non ficaba nada da anguria pertinaz e indefinida do pasado, a negra sombra que non me deixaría ir nunca. Desaparecera, e xa non tornará nunca máis.

Escribir dá vida.

Eles non o saberían, mais o que lles fixen a alumnas e alumnos oleirenses durante todo este tempo, foi nin máis nin menos que vampirizarlles a mocidade: marabilloso en tanto durou. Por iso e polo seu comportamento receptivo, exquisito e sensíbel, estoulles moi recoñecido, obrigado. Moi primordialmente por me deixaren vampirizarlles a mocidade durante tantos, tantísimos anos.

O vampirismo tamén dá vida: tanta ou máis que escribir...

*Nacho Taibo
Fortiñón, xuño de 2018*